



RAO, terra de castiñeiros


Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: 8 km (ida e volta, 3 a pé)

Dificultade: baixa

Duración: horas



Unha pequena camiñada en terras de Navia de Suarna, por varios lugares que forman parte da parroquia de Rao, no espazo protexido como LIC “Os Ancares, O Courel”. Para gozar de fermosas paisaxes, en calquera época do ano, da etnografía e dos paseos entre árbores senlleiras, especialmente castiñeiros.

PERCORRIDO

Podemos achegarnos a Rao desde Navia de Suarna ou desde Piornedo e deixar o vehículo en Murias, Robledo de Rao ou Rao. En Robledo de Rao podemos ver dous castiñeiros de bo porte e en Rao hai exemplares interesantes no cento da aldea, seguindo pola beira do río e, sobre todo, no souto de Saencia. Na entrada da localidade, á dereita da estrada temos un castiñeiro de 9,5 m de perímetro. A 400 m por enriba do lugar (700 m desde a estrada) por unha pista de terra podemos achegarnos á Pena do Souto desde onde hai boas panorámicas do val encaixado do río Rao e do seu afluente o río da Saencia, e desde alí polo camiño da esquerda, o que baixa, camiñando 2 quilómetros (ida e volta) percorrерemos o souto da Saencia no que hai castiñeiros de 6 a 8 m de perímetro entre os que destaca, tanto polo seu perímetro como polo seu porte, un exemplar con tres grandes ponlas. Seguindo este camiño do souto podemos subir, en algo máis de tres quilómetros de bastante pendente, a Peliceira un lugar situado da cabalo da fronteira entre Galiza e Asturias. A Peliceira tamén se pode chegar desde Robledo de Rao por unha estradiña que sae da parte alta da localidade e sube pola serra do Surcio para beirar logo a parte alta do val do rego da Saencia (uns oito km e outros tantos de volta). Desde Murias podemos achegarnos a ver o Penedo de Murias, no camiño das Brañas de Pan de Zarco e Piornedo.



Rao co Surcio detrás



Rao desde a estrada de Navia de Suarna.



Meda e o val do Rao, o río que lle da nome á parroquia.



Souto no centro de Rao.



Castiñeiro de 6,30 m de perímetro en Robledo de Rao



Castiñeiro de 9,5 m de perímetro en Rao



Castiñeiro de 5,60 m de perímetro en Robledo de Rao



Castiñeiro de 6,05 m de perímetro, á beira do río na estrada de Rao a Medas



Castiñeiro de 6,25 m de perímetro no souto da Saencia (Rao). Na base ten unha ouriceira.



Castiñeiro de 8,40 m de perímetro no souto da Saencia (Rao)



Souto da Saencia (Rao)